

*DEIXÁMOSVOS UN BANCO DE IDEAS PARA FACER COS CONTOS,
ESPERAMOS QUE VOS SEXAN DE UTILIDADE*

ACTIVIDADES PARA FACER CON TODOS OS CONTOS

- Antes de ler o conto aos nenos, o adulto deberá lelo varias veces para preparar a lectura en voz alta, tan importante, a estas idades.
- Para introducir o libro podemos presentar a fotografía do autor e do ilustrador do libro, e os alumnos tentarán adiviñar quen é o ilustrador e quen é o escritor (no caso de que sexan distintos). E con iso terán que pescudar se é un libro de aventuras, de risa, de animais, de persoas, etc.
- Traballando a anticipación: podemos ensinar a portada aos nenos sen dicir o título e deixar ao grupo que opine sobre o que cren que van escoitar. Tamén, pódese ensinar as ilustracións sen lelo, deixando uns segundos a cada imaxe para que pensen na historia que se lles aveciña.
- Entre todos podemos inventar unha historia inicial, gravámola coa gravadora ou cámara de vídeo e logo tras a súa lectura establécense opinións. A súa creatividade sorprenderanos!
- Tamén podemos lerlles o libro sen ler o título do mesmo. Unha vez lido buscar entre todos un título que lle vaia ben (non temos que esperar a que digan o exacto, con iso fomentamos a creatividade, a coherencia e a comprensión lectora). Da listaxe que xurda, votamos o que máis guste e, logo, lemos o orixinal e establecemos relacións entre ambos.
- Lerlles o libro poñendo voces aos personaxes.
- Ler o libro a medias. Repartíndose os personaxes para crear máis empatía. O ideal é ir cambiando de “papel” e así ir experimentando as emocións dos distintos protagonistas.

